

Índice de vendas de comercio polo miúdo. Decembro 2005 COMUNICADO

No mes de decembro de 2005 aumentaron as vendas do comercio polo miúdo en Galicia

Aumenta o índice xeral de vendas de comercio polo miúdo no mes de decembro de 2005 un 8,1% con respecto a decembro de 2004

O índice xeral de vendas de comercio polo miúdo aumentou en decembro de 2005 un 8,1% con respecto ao mesmo mes do ano anterior, un 6,6% cando se corrixe do efecto producido polo calendario (diferente estrutura de días hábiles no comercio dos meses de decembro nos dous anos). No conxunto do ano 2005 o índice xeral, tanto en termos correntes como o corrixido por efecto do calendario, creceu un 4,2%.

En termos correntes por tipo de produto vendido no mes de decembro observamos que presentan taxas de crecemento negativas tanto os produtos de alimentación (-0,1%) como os produtos de equipamento da persoa (-2,2%), mentres que en equipamento do fogar (3,9%) e no grupo de outros produtos (23,7%) as taxas de crecemento anual son positivas.

Crecedemento positivo do índice de grandes superficies

Por tipo de actividade, o índice de comercio especializado aumenta nun 9,9% e o do non especializado nun 4,1%; dentro deste último, o índice de grandes superficies aumenta nun 7,8%.


No ano 2005 o índice do comercio especializado creceu un 6,0% e o índice do non especializado decreceu un -0,1%. O índice acumulado de grandes superficies creceu un 3,6%.

Índice de vendas de comercio polo miúdo. Decembro 2005. Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Xeral	172,8	8,1%	4,2%
Xeral (corrixido de calendario)	166,1	6,6%	4,2%
Por actividade			
Especializado	163,7	9,9%	6,0%
Non especializado	188,2	4,1%	-0,1%
Grandes superficies	260,6	7,8%	3,6%

FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral dende 1999.



FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es